

*Article*

# O papel (des) cortés do humor na produción do piropo galego

Estela Fidalgo-Garra<sup>1</sup>

Universidade de Santiago de Compostela /  
Instituto da Lingua Galega

*Keywords*

*Piropo* (Compliment)  
Humour  
(Im)politeness  
Public Image / Face  
Galician

*Palabras clave*

Piropo  
Humor  
(Des)cortesía  
Imaxe pública  
Galego

*Abstract*

The main aim of this article is to examine, within the framework of (im)politeness theory, the role that *humour indicators* (Ruiz Gurillo 2023) play in the production of piropos (compliments) in contemporary Galicia. To this end, it presents an empirical study based on a *Discourse Completion Task* (DCT) designed to gather data on the production of *piropos* in different communicative contexts. The analysis focuses on the social variables of age and gender to identify generational differences in the behaviour of speakers when using the *pseudo-covert* strategy (Fidalgo Garra & Fernández Rei 2024) and the humorous elements associated with it. The findings shed light on the evolution of this practice in the Galician context.

*Resumo*

O obxectivo principal do traballo consiste en afondar, dende a teoría da (des)cortesía, na análise do papel que os *indicadores humorísticos* (Ruiz Gurillo 2023) xogan na enunciación do piropo na Galiza contemporánea. Para iso, lévase a cabo un estudo empírico baseado nun *Discourse Completion Task* (DCT), deseñado para recoller datos sobre a produción de piropos en diferentes contextos comunicativos. A análise dos datos realízase atendendo a diferentes variables sociais (idade e xénero), co fin de identificar diferenzas xeracionais no comportamento das persoas á hora de empregar a estratexia *pseudoencuberta* (Fidalgo Garra & Fernández Rei 2024) e os elementos humorísticos asociados a esta. Estes resultados contribúen a botar luz sobre a evolución desta práctica no contexto galego.

<sup>1</sup>

Este traballo contou co financiamento das Axudas de apoio á etapa predoutoral 2022 (IN606A), convocatoria conxunta entre a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (SXU) e a Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



## 1. O piropo: entre a tradición e a polémica

O piropo vén sendo obxecto de debate nos últimos tempos debido a que reflicte unha complexa interacción entre lingua, cultura, xénero e poder. Historicamente concibido como unha forma de interacción verbal que destaca algunha calidade física dunha persoa, o piropo xa é considerado algo idiosincrático da tradición cultural hispanofalante dende o século XIX. Neste contexto, apúntase a que o teatro castizo favoreceu a súa consolidación como unha práctica socialmente aceptada e característica da vida pública (Preisig 1998; Calvo Carilla 2000).

Amais, o estudo pioneiro de Beinhauer (1973) delimitou o concepto de piropo definíndoo como unha práctica predominantemente masculina, pois eran os homes quen eloxiaban publicamente a aparencia física das mulleres. Desenvolviase principalmente no espazo público (especialmente na rúa), de modo que se reforzaban os roles dos dous xéneros tradicionais (home produtor activo e muller receptora pasiva) e tamén se reafirmaba unha evidente asimetría de poder entre eles. Así as cousas, a muller permanecía en silencio ante estas expresións: aceptándoas, en ocasións, de boa gana por mor da propia auto-cousificación (Moya-Garófano 2016b); ou simplemente tolerándoas como unha 'cortesía' social asumida (Achugar 2002).

Nos últimos anos, os movementos feministas impulsaron unha maior conciencia social sobre as desigualdades de xénero, o que produciu un rexeitamento crecente cara á práctica do piropo en moitos sectores da sociedade. Esta transformación social non só cuestionou a súa lexitimidade, senón que tamén abriu o debate sobre o seu carácter intrusivo e a súa relación coas dinámicas de poder. Estudos recentes no ámbito da socioloxía (Moya-Garófano 2016a; Lino Maldonado 2017; Lois & Lameiras 2018) coinciden en analizar o piropo dende unha perspectiva crítica e sinalar que, lonxe de ser unha mera valoración positiva ou un acto inofensivo, este adoita implicar un abuso de poder e unha intromisión non desexada no espazo persoal das mulleres. Desta forma, dende unha visión contemporánea, podemos afirmar que aquel carácter unidireccional da práctica do piropo non só estaba a evidenciar as desigualdades de poder entre homes e mulleres, senón que tamén reforzaba a dominación simbólica masculina sobre o espazo público. É dicir, o piropo era un artefacto máis para limitar o papel das mulleres neste ámbito, de forma que as relegaba a obxectos de atención e valoración máis que a suxeitos autónomos e libres e con capacidade de acción.

Neste punto, sen negar as orixes machistas desta práctica, semella que na actualidade a definición tradicional do concepto de piropo resulta insuficiente para describir un fenómeno que evolucionou paralelamente aos cambios socioculturais e que, hoxe en día, se atopa nun estado de progresiva decadencia nos espazos públicos (polo menos, no contexto que nos ocupa, o galego). Non obstante, a persistencia da práctica do piropo como unha forma de socialización herdada, aínda que agora adaptada a novas coordenadas espazo-temporais e a outros roles emerxidos neste intercambio comunicativo, suxire a necesidade dunha redefinición que reflicta a súa evolución e a diversidade de contextos onde se produce.

Así, reducir o concepto de piropo unicamente a situacións de acoso verbal na rúa por parte de homes descoñecidos cara a mulleres

sería para nós un enfoque limitado. Esta práctica actualmente transcende os límites do espazo público e pode manifestarse en contextos privados, virtuais, afectivos e, por suposto, entre persoas do mesmo xénero. Neste sentido, interpretar o piropo exclusivamente dende unha perspectiva cisheteronormativa invisibiliza relacións e dinámicas afectivas que sempre existiron na nosa sociedade.

Na busca desa nova definición, resulta interesante o traballo de Ballesteros Doncel & Lorden Álvarez (2021), onde se propón unha revisión do concepto do piropo que atende á súa complexidade actual. Tomando como base a primeira acepción do termo no *Diccionario de la lengua española* ('Dicho breve con que se pondera alguna cualidad de alguien, especialmente la belleza de una mujer'), suxíren desvinculalo exclusivamente da beleza feminina e convertelo nunha expresión de valoración positiva máis ampla; e, ademais, engadir unha segunda acepción que recolla a súa dimensión máis problemática, vinculándoo ao acoso verbal no espazo público.

Nesta mesma liña, nunha investigación previa (Fidalgo Garra & Fernández Rei 2024) propuxemos unha definición que amplía esa concepción do piropo tradicional á vez que establece certas fronteiras con outros actos valorativos como o eloxio, o afago ou o cumprimento. Así, dende unha visión actualizada e contemporánea, entendemos o piropo como un acto de fala potencialmente ameazante (Brown & Levinson 1987), centrado no aspecto físico das persoas e cunha intención subxacente de achegamento afectivo-sexual. Deste xeito, quedarían fóra da nosa definición todos aqueles comentarios valorativos que se fan simplemente coa intención de agradar outra persoa ou de manter as boas relacións sociais como pode ser, por exemplo, a valoración positiva entre dúas amigas tras o novo corte de pelo dunha delas.

Nesta liña de traballo buscamos contribuír, por tanto, á delimitación teórica do concepto adoptando un enfoque innovador que se afasta dunha perspectiva sociolóxica centrada principalmente na recepción. O propósito é estudar o piropo dende o punto de vista da produción (sen esquecer a recepción) e analizar como, nun contexto marcado por condicións adversas para a súa enunciación, as persoas poñen en marcha unha serie de estratexias de cortesía destinadas a salvagardar a súa imaxe para realizar (ou non) o acto de piropo.

## 2. Obxectivos da investigación e aspectos metodolóxicos

O estudo inscríbese no marco teórico da (des)cortesía e ten por obxectivo analizar o papel que desempeñan os *indicadores humorísticos* (Ruiz Gurillo 2023) na produción do piropo na Galiza contemporánea. Para iso, presentárase o modelo cortesiolóxico descrito en Fidalgo Garra & Fernández Rei (2024), que servirá como base teórica para o estudo desta práctica.

O traballo está baseado nun método de elicitación de datos coñecido como DCT ou *Discourse Completion Task* (Blum Kulka, House & Kasper 1989), de modo que se presentaban nun cuestionario en liña 16 situacións hipotéticas (atendendo a factores contextuais como a confianza, o poder relativo, a formalidade e o custo da acción) para simular interaccións presenciais onde se poderían emitir piropos.

A análise realizouse a partir das respostas de cen persoas galegas heterosexuais, distribuídas equitativamente por franxa de idade e xénero:

vinte e cinco mulleres e vinte e cinco homes de entre 18 e 30 anos, e vinte e cinco mulleres e vinte e cinco homes maiores de 40 anos. Cómpre aclarar que as categorías de xénero e orientación sexual representadas responden á autodeterminación expresada polas propias persoas participantes. Ademais, non foi posible incluír neste traballo datos sobre outras identidades de xénero nin outras orientacións sexuais debido a que non se obtivo representación suficiente nas respostas ao cuestionario. Esta limitación metodolóxica sinala unha liña pendente para futuras investigacións.

Amáis disto, a decisión de establecer o límite entre os dous grupos de idade nos 40 anos baséase nun criterio metodolóxico que toma como referencia o modelo de *life stages* proposto por Eckert (1997) e reinterpretado no contexto sociolóxico galego a partir dos achegamentos de Basanta (2019). Este marco teórico define tres grandes etapas da vida (nenez, mocidade e adultez) e identifica como evento clave na transición á adultez o fin do ligue, estreitamente vinculado ao emparellamento monógamo.

Tendo en conta esta conexión entre a idade adulta e a consolidación dunha relación monógama, e considerando os datos actuais do INE (2023), que sitúan a idade media do matrimonio en Galicia en 38,08 anos, decidimos establecer o límite da idade adulta nos 40 anos para a organización dos grupos do estudo.

Non obstante, é importante destacar que esta delimitación se utiliza exclusivamente con fins metodolóxicos, sen implicar que, na realidade social contemporánea, o ligue desapareza na idade adulta nin que todas as persoas desta franxa de idade estean necesariamente nunha relación monógama estable. Sendo conscientes da diversidade de traxectorias afectivas presentes na sociedade actual, incluímos unha pregunta sobre a situación sentimental para contextualizar as respostas e analizar ata que punto persiste esa correlación entre idade e estabilidade relacional. Os resultados amosan que o 85 % da mostra deste grupo etario declara atoparse nunha situación sentimental estable en parella.

Neste contexto, a hipótese inicial parte da posibilidade de que existan diferenzas significativas entre ambos os grupos xeracionais, tanto en relación coa práctica do piropo coma co uso dunha estratexia específica de cortesía baseada no humor, que denominamos *pseudoencuberta*. Os resultados aspiran a contribuír ao coñecemento sobre a evolución xeracional desta práctica dentro do contexto galego contemporáneo.

### 3. Un modelo cortesiolóxico para a análise do piropo

Como se sinalaba anteriormente, esta investigación parte dun traballo previo centrado no estudo pragmatolinguístico da produción do piropo na mocidade galega (Fidalgo Garra & Fernández Rei 2024) que establece un modelo de (des)cortesía (adaptado de Brown & Levinson 1987) para a análise concreta deste acto de fala.

En liña co exposto na introdución, o debate social arredor da práctica do piropo puxo de manifesto que este acto de fala pode poñer en perigo as imaxes das persoas implicadas no intercambio comunicativo. Convén aclarar que, ao falar de *imaxe pública*, estamos facendo referencia ao concepto proposto por Goffman (1967), quen a definía como a representación que cada individuo constrúe e reclama publicamente para si mesmo, cumprindo coas normas sociais aceptadas como adecuadas.

Neste punto, para comprender mellor o fenómeno da cortesía é necesario situala no seu marco teórico. Tradicionalmente esta entendeuse como un conxunto de comportamentos baseados na educación, na amabilidade e no respecto para contribuír á estabilidade das interaccións sociais (Gumperz 1982). Ademais, estableceuse como un compoñente esencial da competencia comunicativa (Hymes 1971, 1972) que se adquire dende a infancia a través do proceso de socialización.

Non obstante, dende a perspectiva pragmática, a cortesía non se considera un fenómeno estanco, senón un continuo no que conviven tanto a propia cortesía (utilizada para protexer as imaxes e manter a harmonía social) como a descortesía (empregada para ameazar as imaxes e crear tensión). É por isto que nos estudos actuais sobre a cuestión se adopta o termo (des)cortesía, pois a interpretación dun acto de fala como (des)cortés non se pode entender de maneira illada, senón que depende fundamentalmente dos factores contextuais que configuran cada intercambio (Briz 2004, Albelda 2008).

Neste contexto, optouse por partir do marco teórico máis destacado no campo da cortesía comunicativa: o modelo desenvolvido por Brown e Levinson (1987). Se ben este modelo non pode ser concibido como unha teoría universal da cortesía debido a certas limitacións —como o seu marcado nesgo cultural (Haverkate 1994, Escandell Vidal 1996, Albelda e Barros 2013), a súa visión reduccionista e centrada no conflito potencial da comunicación (Leech 1983; Kerbrat-Orecchioni 1992, 1996, 2004; Bravo 2002; Watts 2003, 2005; Hernández Flores 2004), a súa desatención á descortesía deliberada ou estratéxica (Kientpointner 1997, Culpeper 2005, 2010; Kaul 2008), a desvinculación dos actos de fala e as emocións (Kientpointner 2005, Kaul 2005) ou a súa insuficiente consideración de dinámicas de xénero (Mills 2003)—, certamente resulta útil para a análise do caso concreto do piropo.

O modelo de Brown e Levinson fundamenta as súas bases na teoría de Grice (1975), adoptando o Principio de Cooperación como base racional da comunicación, segundo o cal as persoas adoitan buscar a máxima eficacia comunicativa. Con todo, nel defenden que existen situacións nas que a persoa emisora pode preferir non contribuír directamente a esta eficacia, debido a que certos actos (*face threatening acts, FTAs*) poden xerar tensións ou conflitos nas relacións sociais. Deste xeito, a cortesía emerxe como unha estratexia clave para mitigar ou suavizar aqueles actos que poden representar unha ameaza para a imaxe pública (*face*), co obxectivo de preservar as relacións interpersoais (Brown & Levinson 1987: 15).

Cómpre destacar que a teoría distingue dúas dimensións da imaxe pública: a *imaxe negativa*, entendida como o desexo de autonomía, liberdade de acción e control sobre o propio territorio; e a *imaxe positiva*, entendida como o desexo de aceptación, recoñecemento e valoración por parte das demais persoas. En consonancia con estas dúas dimensións, os autores identifican dúas grandes orientacións estratéxicas da cortesía: a *cortesía negativa*, que busca respectar a liberdade da persoa interlocutora e minimizar a imposición; e a *cortesía positiva*, que busca crear solidariedade, conexión e afinidade para reforzar os vínculos grupais.

Desde esta perspectiva, o piropo constitúe un acto de fala particularmente interesante. Por unha banda, pode ser interpretado como un acto que ameaza a imaxe negativa da persoa receptora, xa que implica unha intrusión non solicitada na súa esfera de autonomía e espazo persoal. Por outra banda, tamén pode incorporar elementos de cortesía positiva, ao

presentarse como unha mostra de admiración, aprobación ou valoración e, por tanto, dirixirse á imaxe positiva do interlocutor ou interlocutora.

A ambigüidade pragmática dos piropos e o seu potencial (des)cortés dependen en gran medida de factores contextuais. Concretamente, neste modelo establecen que o grao de ameaza potencial dun acto depende da distancia social entre as partes, da relación de poder existente e do grao de imposición do acto en cuestión. No noso caso, decidimos incluír na elaboración das situacións do cuestionario un factor contextual que consideramos relevante no que se refire a aumentar ou diminuír o grao potencial de ameaza dun piropo: o grao de formalidade (Félix-Brasdefer 2006). En suma, controláronse as seguintes variables contextuais:

1. Distancia social ou grao de confianza. Informouse ás persoas participantes sobre se tiñan confianza coa persoa á que debían botar piropos ou se esta era descoñecida para elas.
2. Poder relativo. Presentáronse situacións nas que existía igualdade nas relacións coas persoas destinatarias do piropo (compañeiras, coñecidas, etc.) e outras nas que se observaban desigualdades na xerarquía social (profesoras, xefas, etc.).
3. Grao de imposición ou obxecto do piropo. En certas situacións requiríase que o piropo se referise á beleza do corpo (o que denominamos *piropo íntimo*), mentres que noutras se incluía a posibilidade de mencionar aspectos menos conflictivos como a roupa ou o cabelo (*piropo non íntimo*).
4. Grao de formalidade. Incluíronse situacións tanto formais (lugar de traballo, aulas, etc.) como informais (rúa, bares, festas, etc.).

Para ilustrar, presentamos un exemplo dunha das situacións incluídas no cuestionario, que combina estas catro variables contextuais e que nos propón decidir se realizamos un piropo íntimo a unha persoa que nos atrae e coa que temos confianza, pero non igualdade, nunha situación formal:

(1) Estás no traballo (ou na clase, se non traballas) e o/a xefe/a (ou profesor/a) que che gusta e co/a que tes confianza está máis guapo/a que nunca. Que piropo lle botarías? No caso de que non lle botases ningún piropo, explica por que.

Deste xeito, debemos calcular o risco que supón o noso piropo adaptándonos a cada contexto para determinar cal é o esforzo cortés, é dicir, a estratexia de cortesía máis adecuada para mitigar a ameaza.

De acordo con isto, Brown & Levinson (1987) identifican cinco estratexias que poden ser empregadas pola persoa emisora: estratexias abertas e directas; abertas e indirectas con cortesía positiva; abertas e indirectas con cortesía negativa; estratexias encubertas; e, finalmente, a evitación do acto que ameaza a imaxe (Brown & Levinson 1987: 68-71). Neste punto, para axustar a taxonomía ao estudo do piropo, en Fidalgo Garra & Fernández Rei (2024), desenvolveuse unha adaptación deste modelo, que propón catro tipos de estratexias de cortesía ante a potencial enunciación dun piropo. A seguir, presentámolas brevemente de menor grao de protección da imaxe a maior grao de protección:

1

Os exemplos incluídos recollen textualmente as respostas das persoas participantes do corpus, polo que é posible que conteñan imprecisións ortográficas ou gramaticais. Para cada un deles, indícase entre parénteses a identificación da persoa informante (I), acompañada do número asignado no estudo.

- a. *Aberta e directa*. Neste tipo de estratexia, o acto de dicir piropos realízase de maneira explícita, sen ocultar a súa intención nin empregar recursos destinados a mitigar o posible impacto negativo sobre as imaxes involucradas no intercambio. Caracterízase pola súa frontalidade, sen deixar marxe á interpretación ou ambigüidade. Exemplos coma ‘*Que corpazo/ Vaia tipazo*’ (I2)<sup>1</sup>, *Dirialle que está boísima, a verdade* (I29); *Que pibonazo!! Que cachondo!!* (I65) ilustran este enfoque aberto e directo. Ademais, estas expresións adoitan incorporar recursos de intensificación pragmática como os sufixos apreciativos (-azo/a ou -ísimo/a) ou intensificadores léxicos (*menudo, que, vaia...*).
- b. *Pseudoencuberta*. Deterémonos nesta categoría máis adiante, dado que semella a herdanza dese piropo tradicional que utilizaba fórmulas enxeñosas, moitas veces humorísticas, e que buscaba demostrar unha destreza comunicativa considerada clave para o éxito no xogo de sedución interpersonal (Beinhauer 1973, Preisig 1998, Basanta, 2019). Ex.: *Váste presentar para o casting da película Baywatch?* (I9); *nunca te confundiron con sofía loren?* (I83); *Coidado, que estás empezando a te derreter...* (I90).  
Foi designada precisamente deste xeito pola relación que se establece entre ela e a *encuberta* (Brown & Levinson 1987). Neste caso, a persoa emisora non di o piropo de maneira aberta, senón que pretende enmascaralo e é a persoa destinataria quen debe inferilo. Porén, esta estratexia ten un grao de protección moi limitado, pois non busca asegurar a liberdade de acción da persoa destinataria (algo que si acontece nas estratexias encubertas). O seu verdadeiro fin é que a persoa receptora infira a intención real que agochan estas expresións, polo que quen o produce debe atopar un equilibrio entre ser orixinal e asegurarse de que a outra persoa poida interpretar facilmente a mensaxe.
- c. *Indirecta*. Este tipo de estratexia equilibra a expresión da intención afectivo-sexual coa protección da imaxe pública, de maneira que sitúa o intercambio nun terreo menos ameazante e máis neutral. Distínguense tres subtipos principais segundo os mecanismos empregados para mitigar o acto:
  1. *con cambio de obxecto*: consiste en reorientar o obxecto do piropo dende unha parte do *corpo sexuado* (Lois e Lameiras, 2018) cara a elementos menos comprometidos e máis protectores para as imaxes (o que denominamos, *piropo non íntimo*). Exemplos como *Que vestido/peiteado/blusa tan chulo/a, bonito/a. / Quédache/lle ben ese peiteado... /...véxote moi elegante* (I98) amosan ese cambio de obxecto que reduce o risco do acto.
  2. *con cortesía positiva*: busca establecer un vínculo de proximidade e aprobación entre as partes implicadas, compensando o posible impacto negativo do piropo. Isto conséguese a través de recursos como o uso da primeira persoa de plural. En exemplos como ‘*que guapos nos puxemos todos hoxe*’ (I87) ou ‘*Temos que facer todos os días ceas para poñernos así de guapos*’ (I88) observamos como o piropo transcende o individual, de maneira que se reduce o potencial de ameaza asociado.

3. *con cortesía negativa*: mitígasase o acto ameazante recoñecendo implícita ou explicitamente a intrusión do acto a través de fórmulas de cortesía negativa (pedir desculpas, por exemplo): *Perdoa que che moleste mentres traballas pero... non podo deixar de mirar para ti! (I4)* ou *preguntaríalle que tipo de perfume usa e que perdón polo atrevemento de preguntarlle pero e que cheira realmente ben (I19)*.

- d. *Evitación da ameaza*: tras avaliar o potencial ameazante do piropo decídese non realizalo. Ex.: *Non lle diría nada a unha persoa que non coñezo. Sobre todo porque son unha persoa introvertida e sería para min imposible verbalizar algo dese xeito a unha persoa descoñecida. As persoas que me atraen resultame máis difícil piropoalas porque me daría corte que se enterasen de que me gustan! Sexan coñecidas ou non (I53)*.

Neste caso, os comentarios metapragmáticos achegan información valiosa sobre as motivacións subxacentes para non realizar este acto, o que resulta especialmente interesante para explorar como as participantes reflexionan sobre os seus propios comportamentos comunicativos e os factores que inflúen nas súas decisións pragmáticas.

Á luz do exposto, procederase á análise da función que cumpren os recursos humorísticos asociados á estratexia pseudoencuberta. A selección desta estratexia responde á necesidade de centrar o estudo nas manifestacións discursivas onde realmente se produce unha interacción entre o humor e o piropo. O resto de estratexias, ao careceren de elementos relevantes para o estudo do humor, quedan fóra do ámbito desta investigación.

#### 4. O papel do humor na práctica do piropo

A análise do humor como fenómeno contextual caracterízase pola súa notable complexidade, derivada tanto da diversidade das súas manifestacións como da pluralidade de aproximacións teóricas dispoñibles para o seu estudo. Neste traballo, adoptaremos o marco teórico do humor conversacional, sustentado nas investigacións de Ruiz Gurillo (2012, 2014, 2019, 2022, 2023) e Alvarado Ortega (2012, 2021, 2022). Este enfoque conceptualiza o humor como unha estratexia discursiva empregada na interacción comunicativa, orientada a dous propósitos fundamentais que xeran efectos aparentemente opostos: o reforzo do endogrupo ou a confrontación do mesmo (Ruiz Gurillo 2022: 86). No que respecta ao piropo, situariámonos ante un *humor de reforzo* que divirte e, polo tanto, favorece a creación e o fortalecemento de lazos entre as persoas interlocutoras.

Por outra banda, un dos alicerces centrais desta teoría é o concepto de *incongruencia*, que se entende como elemento estruturador do humor. Deste xeito, analízase como esta incongruencia se manifesta e se resolve no discurso, baseándose na ‘transgresión de patrones que llevan a lo inesperado, según nuestra información lingüística o pragmática, lo que produce un humor no amenazador’ (Hidalgo & Iglesias 2009).

Así mesmo, como explican Cestero & Moreno (2024), este modelo de análise concede especial atención ás marcas (elementos paralingüísticos, quinésicos e lingüísticos) e aos indicadores humorísticos que se empregan para producir a risa. Aquí centrarémonos nos *indicadores humorísticos*, aqueles procedementos léxico-semánticos (a ambigüidade, a hipérbole, a

polisemia, a fraseoloxía, a comparación, a metáfora ou o xogo de palabras, entre outros), gramaticais (a composición, o estilo directo, a sufixación apreciativa e non apreciativa, a reformulación ou a pregunta retórica, por exemplo) e de variación (os cambios de lingua ou variedade lingüística, de rexistro ou de sociolecto) que se insiren cunha intención humorística no enunciado.

No que respecta á temática que nos ocupa, estudos como os de Preisig (1998) e Beinhauer (1973) salientan que o humor é un recurso crucial nas estratexias de sedución. As fórmulas enxeñosas e humorísticas poden provocar risa, miradas ou comentarios que facilitan o contacto inicial coa persoa receptora. De feito, Beinhauer (1973: 169) apunta que ‘para obtener el éxito, [o home] necesita adoptar una buena táctica amorosa en base a estratagemas, enmascarándose de humorismo’. Así mesmo, sostense que o efecto gracioso ou humorístico no piropo se pode conseguir a través de múltiples técnicas, pois comparte os mesmos recursos estilísticos que o chiste: os xogos de palabras, os dobres sentidos, a hipérbole, a comparación e a metáfora.

Neste punto, cómpre aclarar que o obxectivo deste traballo non é caracterizar exhaustivamente os indicadores humorísticos nin ofrecer unha descrición formal do piropo, senón analizar o papel que os recursos humorísticos desempeñan na interacción. No entanto, realizarase unha revisión dos procedementos humorísticos máis relevantes identificados nas 103 ocorrencias asociadas coas estratexias pseudoencubertas (dun total de 1600 ocorrencias analizadas no corpus completo). En todas elas, como é de esperar, o contido expresado con humor xira en torno á presentación de emocións, sentimentos ou sensacións e ao enxalzamento de características físicas da persoa receptora. Alén disto, o estilo humorístico básico que atopamos é o *afiliativo* (Cestero & Moreno 2024), é dicir, aquel que busca suavizar posibles tensións, reforzar vínculos ou fomentar a complicidade entre as persoas involucradas no acto. Con todo, tamén aparecen algúns casos de humor autodesprezativo para reforzar a beleza da persoa interlocutora.

Para comezar coa descrición dos indicadores humorísticos máis recorrentes do noso corpus, partiremos da metáfora. Xa nunha investigación precedente (Fidalgo Garra en prensa) se detectou que este recurso xogaba un papel moi destacado na produción da estratexia pseudoencuberta. Así, o humor constrúese a partir de xogos semánticos que vinculan elementos distintos para xerar imaxes inesperadas que buscan romper coas expectativas da persoa receptora e provocar a risa.

As metáforas máis representadas no noso corpus son as que se asocian ao campo semántico da comida. Exemplos como *Estás coma un pan!!!!* (I18), *Estás feito un bollicao!!* (I13) ou ‘*os bombóns ao sol derrétense*’ (I51) vinculan a beleza ou a atracción física co carácter apetitoso e tentador de certos alimentos. Outro campo recorrente é o da calor, que tamén está relacionado coa atracción física e sexual. As metáforas sobre a calor buscan transmitir a reacción emocional ou física que a persoa piroleada provoca. Exemplos como *Xa tiña calor pero agora vou derreter* (I71) ou *Que calor vai a túa beira* (I82) explotan a idea de que a beleza da persoa provoca unha reacción física intensa, o que á súa vez está cargado de connotacións sexuais.

Tamén se atopan metáforas vinculadas á arte, nas que as persoas son comparadas con elementos culturais ou artísticos de gran valor. Exemplos como ‘*Non sabía que estivera nun museo, por que menuda obra de arte*’ (I50) ou ‘*Quen fora cemento... (para soste ese monumento)*’ (I88) asocian a aparencia física da persoa receptora con obxectos ou conceptos de alto valor simbólico,

destacando que o seu atractivo é digno de admiración. Neste contexto, o humor e a intensificación xogan un papel fundamental, xa que estas asociacións tan desmesuradas engaden un carácter lúdico á expresión. A metáfora, polo tanto, permite transmitir a intención de atracción ou admiración de maneira enmascarada e humorística, suavizando o impacto e rebaixando o custo da acción.

Por outra banda, cómpre considerar o concepto de 'reciclaxe cultural' (Preisig 1998: 115) que suxire que, aínda que o vocabulario e o contido cambien co paso do tempo, o piropo vai manter as formas tradicionais. Respostas coma '*A de cuidado co sol que os bombóns derrétense está moi vista xa?*' (I87) ou '*Se teño moita confianza con ela, penso que tiraría de novo dalgún piropo preestablecido en ton humorístico: 'Xa sabes o que lle pasa aos bombóns con este sol...'*' (I88) evidencian este proceso. Da mesma maneira, pódese aplicar este concepto á estrutura prototípica 'Quen fora...', común nos piropos, e que tamén aparece reflectida no noso cuestionario: '*Quen fora pantalón pa tocar esas pernas!*' (I82). Desta maneira, quizais é pertinente matizar que o piropo sexa unha creación espontánea, como afirmaba Beinhauer (1973), pois, certamente, atópanse evidencias de que esta espontaneidade está condicionada por un repertorio preexistente. Talvez esta bagaxe cultural e a estrutura común dos piropos sexan as que permitan explicar, ademais, a aparición reiterada de certas asociacións nos piropos recollidos no noso corpus (as cales, probablemente, tampouco causarán sorpresa a quen le estas páxinas).

Outro procedemento de recreación léxico-semántica que se repite en varias ocasións no corpus como mecanismo humorístico é o uso da comparación, e máis concretamente o que Preisig (1998) denominaba *comparación desmesurada*. Este tipo de comparación distínguese por empregar elementos amplamente recoñecidos como referentes de beleza para enxalzar a aparencia física da persoa destinataria, de maneira que se subliña a hipérbole implícita nas asociacións propostas. Nos nosos exemplos, a elección do elemento de comparación adoita recaer en figuras coñecidas que representan o canon de beleza dominante. Por exemplo, en enunciados como '*nunca te confundiron con sofía loren?*' (I83), '*Ó teu lado Cleopatra non era ningún*' (I93), '*Vaste presentar para o casting da película Baywatch?*' (I9) ou '*ti non serás modelo ou actor, verdade?*' (I56) obsérvase como as persoas emisoras empregan referentes icónicos e idealizados (personaxes históricas ou profesións asociadas ao atractivo físico) para enmascarar o piropo. Ademais, estes referentes non só funcionan como marcas de comparación, senón que intensifican o piropo ao apelar ao recoñecemento colectivo do seu valor atribuído.

Asemade, esta estratexia comunicativa, que busca a conexión a través de referentes culturais compartidos, aparece tamén noutras respostas como '*Que corpiño xeitoso, diría Ana Kiro!!*' (I66), facendo alusión á canción de Andrés do Barro reinterpretada por Ana Kiro que fala da beleza dunha muller; '*Esas curvas son mellores cás da Ponte Vilarinho!*' (I70), que compara as características físicas da persoa coas pronunciadas curvas da ponte Vilarinho en Agolada; ou '*Onde deixaches a vara?*' (I79), que remite a un feito popularmente coñecido no que se dicía que as mozas fermosas (ou, máis ben, os pais delas) apartaban os pretendentes coas varas. Deste modo, engádeselle un toque de humor e familiaridade ao piropo, mais para que o efecto humorístico se complete, resulta necesario que a persoa receptora coñeza estes referentes culturais.

Outro procedemento que categorizamos como estratexia pseudoencuberta e que ten intención humorística é o uso de interxeccións como en '*caramba!!!*' (I82), '*Carai*' (I72), '*Uffff!*' (I93), '*Fiu fiiuuu!!*' (I83) ou '*Cuidado!!*' (I18),

que permiten disfrazar a intención da expresión. Ademais, observamos a importancia dos elementos paralingüísticos ou quinésicos como o ton, o alongamento dos sons, os asubíos, as risas ou as chiscadelas de ollos para apoiar a interpretación humorística.

Por último, observamos unha serie de comentarios que fan uso do humor autoreferencial. Exemplos como *Fixen ben en pagar por este sitio!* (I87) ou *'Parece que son un home afortunado' (por estar cunha muller tan guapa)* (I88) utilízanse para crear un ambiente humorístico que sitúa o foco na persoa emisora, destacando a súa sorte por estar ao carón da persoa interlocutora. Así mesmo, como faciamos referencia anteriormente, aparecen exemplos de humor autodespreciativo. Respostas como *Eu non sei que fas poñéndote ao meu lado coa de tipas cachondas que hai por aí...* (I72) ou *Ao teu lado queda un fatal!* (I90) funcionan como unha estratexia de autodesvalorización que pretende mitigar a ameaza que pode producir un piropo directo e que axuda na busca da risa e, consecuentemente, da afiliación coa outra persoa.

De acordo co exposto, a estratexia pseudoencuberta representaría un equilibrio entre a atenuación e a intensificación pragmática. Por unha banda, a través de recursos humorísticos conséguese ampliar o impacto ou a forza do acto de fala para lograr un efecto máis persuasivo na persoa receptora. Ese xogo interpersoal, como xa se indicou, é característico das primeiras fases dunha relación íntima e busca xerar un ambiente favorable para un achegamento afectivo-sexual, ao tempo que pon de manifesto o dominio por parte da persoa emisora das habilidades comunicativas que se consideran fundamentais para o éxito á hora de ligar.

Por outra banda, o humor tamén desempeña unha función atenuante ao minimizar ou mitigar a potencial ameaza que pode supoñer un piropo. Así, a presentación do comentario como unha broma facilita que, primeiramente, a persoa emisora poida protexer a súa imaxe ou suavizar o conflito; e, seguidamente, ofrécelle á persoa receptora unha alternativa para esquivar a intención real que se agocha detrás dese piropo e poder interpretar que non se buscaba nada máis que a comicidade a través dese comentario.

Deste xeito, o humor actúa como unha estratexia de defensa que pode chegar a xerar desequilibrios de poder nas interaccións sociais. É dicir, o ton humorístico presuntamente empregado pola persoa produtora do piropo serve como un mecanismo de protección simbólica, unha especie de escudo que a libera ou exime das posibles repercusións negativas do seu comentario. Como consecuencia, a persoa receptora pode verse obrigada a aceptar ese comentario 'con humor', mesmo se o percibe como inapropiado ou invasivo.

Neste sentido, diversos traballos sobre o humor ofensivo (Bell 2015, Mc Ternan 2021, Horisk 2024, entre outros) poñen de manifesto a complexa interacción entre a intención da persoa produtora, a interpretación da receptora e as normas sociais que regulan o que se considera aceptable ou censurable. Tamén Haugh & Márquez-Reiter (en prensa) subliñan que, cando falamos, non só somos responsables do que dicimos, senón tamén do que pode interpretarse das nosas palabras. Isto é, o feito de dicir algo en clave humorística non vai impedir que alguén o interprete de maneira literal ou incluso de forma ofensiva, independentemente da intención da persoa produtora. Así mesmo, no marco dunha interacción comunicativa na que o humor falla (é dicir, cando non é recibido ou aceptado como tal), o emprego de xustificacións como 'era broma' poden crear máis tensión ao seren interpretadas como unha estratexia para eludir a responsabilidade e invalidar o impacto que tivo o comentario sobre a persoa receptora.

Nesta mesma liña, dende unha mirada feminista e acaída para o estudo do piropo, De Salvador Agra (2023) analiza afirmacións como ‘mujer, era una broma’ como unha tentativa non só de desdicir o que a persoa produtora afirmou previamente, senón tamén de deslexitimar a reacción da receptora, de forma que se pon o foco na súa incapacidade para integrarse no xogo comunicativo. Un mecanismo que, ademais, axuda a reforzar unha estrutura de poder na que se espera que as mulleres acepten certos comentarios, desactivando así calquera crítica sobre o que realmente implican. Con todo, Ahmed (2010, 2018) defende a existencia dunha figura actual que racha con esa dinámica e cuestiona ‘a broma’: a *aguafiestas feminista*. A súa negativa a rir ou a asumir o comentario como inofensivo non só xera incomodidade, senón que impide que as palabras do emisor produzan o efecto esperado, nun exercicio ‘de resistencia que, a modo de *contra-discurso*, evita que las palabras del hablante hagan cosas dañinas o, siquiera por un momento, frustren su ilocución’ (De Salvador Agra 2023: 20).

En definitiva, a negociación que ten lugar nos intercambios nos que se xera humor ofensivo vai máis alá das interpretacións individuais; trátase dunha disputa polo control do significado e polas consecuencias sociais das palabras. Nestes contextos, o humor pode actuar como un mecanismo que perpetúa desigualdades, permitindo que certos discursos discriminatorios se manteñan lexitimados baixo a aparencia da inofensividade (Horisk 2024). Ademais, como sinala Ahmed (2018: 352), ‘riéndose de lo que repiten, repiten eso de lo que se ríen’, afirmación que evidencia que o humor non só reflicte estruturas de poder, senón que tamén contribúe activamente á súa reprodución.


## 5. Resultados do cuestionario sobre a evolución xeracional na práctica do piropo heterosexual no contexto galego

A nosa hipótese inicial contemplaba a posibilidade de identificar diferenzas na práctica do piropo e, concretamente, no uso da estratexia pseudoencuberta en función da variable de idade. Desta forma, comezaremos por presentar o comportamento de todas as estratexias de cortesía recollidas no noso corpus. Así, a Figura 1 ilustra a comparación porcentual das diferentes estratexias empregadas polos dous grupos xeracionais analizados: mocidade (entre 18 e 30 anos) e adultez (maiores de 40).

A estratexia preferida en ambos os grupos de idade é a da evitación da ameaza, empregada polo 29,56% das persoas de 18 a 30 anos e polo 30,81% das de máis de 40 anos, o que representa case o 60% do total das eleccións do corpus completo. Con todo, non semella un resultado sorprendente tendo en conta a percepción social do piropo, xa que se trata da estratexia máis protectora da imaxe. Pola contra, o que quizais poida chamar máis a atención é que a estratexia que a segue é xustamente a oposta en termos de protección de imaxe: a aberta e directa. Neste sentido, obsérvase que as persoas de 18 a 30 anos son significativamente máis abertas e directas (12,56% fronte ao 9,06%). Non corresponde neste traballo desenvolver o comportamento de todas as estratexias, mais estes resultados polarizados proveñen do carácter potencialmente ameazante do piropo. Isto é, polo xeral, cando non se percibe un risco para as imaxes das persoas interlocutoras, emítese o piropo abertamente; mais cando a situación se concibe ameazante para a imaxe, evítase por completo a enunciación do piropo.

No que respecta ás estratexias intermedias, a opción menos escollida polo grupo de 18 a 30 anos é a pseudoencuberta con apenas un 1,25% de ocorrencias. En cambio, as persoas maiores de 40 anos amosan preferencia por esta estratexia, empregándoa no 5,19% dos casos. Ademais, podemos reparar en que, neste grupo, a pseudoencuberta incluso supera a escolla da estratexia indirecta (4,94%); algo que non acontece no grupo de 18 a 30

Total de estratexias  
segundo a variable idade



anos, pois a estratexia indirecta é máis utilizada (6,63%). Estas diferenzas entre os grupos apuntan a que a variable social de idade está a condicionar de maneira decisiva a escolla das estratexias que salvagardan a imaxe pública das persoas interlocutoras ou, cando menos, do que cada grupo de idade considera máis cortés en cada unha das situacións presentadas no corpus.

No que se refire á estratexia analizada neste traballo, a estratexia pseudoencuberta, é interesante observar o seu comportamento en función das dúas variables sociais que puxemos en xogo: a idade e o xénero. Deste xeito, na Figura 2, pódese advertir como se distribúe a porcentaxe de escolla da pseudoencuberta entre os grupos analizados en función de se son homes ou mulleres e da franxa de idade á que pertencen.


Os datos ratifican a hipótese de partida na que se prevía atopar diferenzas en función da idade, mais tamén se revelan importantes diferenzas no uso das estratexias pseudoencubertas en base á variable de xénero. No grupo de persoas mozas (18-30 anos), tanto homes como mulleres presentan a mesma proporción de uso (9,71%), unha cifra considerablemente inferior á do outro grupo. As persoas maiores de 40 anos, en cambio, parecen

amosar unha maior inclinación por esta estratexia, especialmente no grupo de homes (onde alcanza ata un 47,57%). En canto ás mulleres desa mesma franxa de idade, a súa porcentaxe de escolla desta estratexia é tamén relevante, xa que chega a acadar o 33,01%. Isto suxire que, a medida que aumenta a idade, mantense unha maior adhesión a esta estratexia á hora de botar piropos, especialmente entre os homes.

Comportamento da estratexia pseudoencuberta segundo xénero e idade

■ 18-30 ■ >40

**Figura 2.** Porcentaxes do comportamento da estratexia pseudoencuberta en función das variables sociais de xénero e idade



A persistencia das estratexias pseudoencubertas entre os homes maiores de 40 anos pode interpretarse como a continuación dun modelo de masculinidade tradicional, no que a sedución se baseaba no control do discurso e na exhibición de habilidades comunicativas para lograr un achegamento afectivo-sexual. Así mesmo, o feito de que as mulleres adultas tamén empreguen esta estratexia, aínda que en menor medida, suxire a aceptación dunha práctica socialmente validada no seu contexto. Non obstante, non se descarta que no seu uso da pseudoencuberta poidan estar operando certas dinámicas de resistencia ou de apropiación desta práctica.

Sexa como for, a análise do piropo pon de relevo a centralidade do xénero, xa que tradicionalmente este contribuía a reforzar unha estrutura discursiva na que o home asumía o control a través do seu rol como emisor activo, mentres que a muller quedaba relegada ao de receptora pasiva. Así,

os piropos constitúen un espazo de negociación discursiva que reflicte as relacións de poder e os mandatos de xénero predominantes en cada época e comunidade. Isto parece ir en consonancia, tamén, co marcado declive da estratexia pseudoencuberta entre as xeracións máis novas. Noutras palabras, o rexeitamento podería estar reflectindo un cambio cultural impulsado pola crecente crítica social aos piropos non solicitados e pola maior relevancia do consentimento explícito e das relacións igualitarias.

Porén, cómpre ter en conta que os datos cos que se traballa poderían estar influídos pola metodoloxía de elicitación utilizada. É dicir, cabe a posibilidade de que as persoas mozas participantes no estudo evitasen recoñecer comportamentos considerados socialmente inadecuados, sen que isto implique necesariamente que non recorran a esta estratexia na práctica real.

## 6. Conclusión

En primeiro lugar, queda probado o estreito vínculo entre o humor e a estratexia pseudoencuberta na práctica do piropo da Galiza contemporánea. Esta conexión posibilita un equilibrio entre funcións pragmáticas aparentemente opostas: por unha banda, o humor intensifica o impacto do acto comunicativo creando un efecto persuasivo que pode facilitar o achegamento afectivo-sexual en contextos de ligue; por outra, actúa como un mecanismo de atenuación, mitigando a potencial ameaza que pode supoñer o piropo, ao ser presentado como un comentario humorístico que alivia a tensión na interacción.

Ademais, evidénciase que na práctica do piropo o contido humorístico xira arredor das características físicas da persoa destinataria e da expresión de emocións, sentimentos ou sensacións que esta produce sobre a persoa emisora. Así mesmo, conséntase que os procedementos humorísticos máis destacados son as metáforas (especialmente aquelas vinculadas aos campos semánticos da comida, da calor e da arte) e as comparacións desmesuradas que empregan referentes culturais amplamente recoñecidos para enxalzar o atractivo de quen recibe o piropo.

No que respecta á evolución xeracional da práctica do piropo, os resultados evidencian que a estratexia de evitación da ameaza é a máis utilizada en todos os grupos de idade, debido á súa función protectora da imaxe pública. Porén, obsérvanse diferenzas interxeracionais significativas: as persoas maiores de 40 anos amosan unha maior preferencia pola estratexia pseudoencuberta, especialmente os homes (47,57%), fronte ao menor uso desta no grupo de 18 a 30 anos (9,71% en ambos os xéneros). Estas tendencias confirman que a idade e, en menor medida, o xénero, condicionan a percepción da cortesía e a elección das estratexias.

O piropo confírmase como un reflexo das normas sociais e das dinámicas de poder predominantes en cada período histórico e contexto socio-cultural. A través del é posible observar como se constrúen, perpetúan ou mesmo (re)negocian os roles de xénero. A medida que as estruturas sociais e culturais evolucionan, tamén se transforman as formas de expresión e os significados atribuídos a esta práctica. Neste contexto, un aspecto destacado que se desprende dos datos é o cambio significativo na mentalidade colectiva respecto á aceptación social do piropo. A maior conciencia sobre a ameaza implícita nalgúns comportamentos e o risco de malinterpretacións reflíctese na clara tendencia cara á evitación da ameaza. Este fenómeno

semella indicar unha transformación nos valores e nas prácticas interper-soais contemporáneas no contexto galego que cómpre seguir investigando.

Con todo, convén subliñar que as estratexias pseudoencubertas non desapareceron por completo. A reiteración de asociacións e estruturas presentes no corpus, como ‘os bombóns ao sol derrétense’ ou ‘quen fora...’, parece estar máis vinculada a unha reafirmación cultural ou á evocación dun estilo comunicativo do pasado que ao seu uso como mecanismo efectivo de sedución. Ademais, o aparente declive desta estratexia podería non responder só á súa posible obsolescencia, senón tamén ás complexas esixencias pragmáticas e retóricas que supón o seu emprego.

Así e todo, estas conclusións deben ser consideradas tendo en conta as limitacións inherentes aos métodos de elicitación de datos baseados en respostas escritas ante situacións hipotéticas (Félix-Brasdefer 2010, Cyluk 2013, Sampedro 2021, entre outros). Aínda que este método resulta válido e é comunmente utilizado nos traballos do ámbito da pragmática, non ofrece garantías de que as respostas reflectan de maneira fiel o comportamento real das persoas participantes. É probable que, na realidade, se produzan interaccións máis espontáneas e menos condicionadas pola autoimaxe que as persoas queren proxectar nos cuestionarios. Por suposto, sería de grande interese dispoñer de datos naturais en lingua galega que permitisen analizar tanto a frecuencia real do uso destas estratexias como as reaccións que suscitan. Porén, é importante destacar que o piropo supón un reto para a recollida de datos naturais e espontáneos. Por esta razón, a metodoloxía empregada representou a única aproximación científica dispoñible ata o momento para estudar a produción do piropo dun modo controlado e sistemático.

Por último, queda pendente a tarefa de incluír non só outras variables, como a orientación sexual, senón tamén un contexto que transformou profundamente a comunicación humana: o espazo virtual. Este contexto dixital abre novas posibilidades para explorar como o piropo evoluciona e se adapta en interaccións mediadas tecnoloxicamente, constituíndo un desafío e unha oportunidade para futuras investigacións.



## Obras citadas

- ACHUGAR, Mariana, 2002. 'Piropos: Cambios en la valoración del grado de cortesía de una práctica discursiva', en Placencia e Bravo: 175-192.
- AHMED, Sara, 2010. *The Promise of Happiness* (London: Duke University Press).
- \_\_\_, 2018. *Vivir una vida feminista* (Barcelona: Ediciones Bellaterra).
- ALBELDA MARCO, M., 2008. 'Influence of situational factors in the codification and interpretation of impoliteness'. *Pragmatics* 18(4): 751-773.
- \_\_\_ & María Jesús BARROS (2013). *La cortesía en la comunicación* (Madrid: Arco Libros).
- ALVARADO ORTEGA, M. Belén, 2012. 'Una propuesta de estudio para el humor en la conversación coloquial'. *ELUA* 26: 7-28.
- \_\_\_, 2021. 'Indicadores semánticos para el estudio del humor en la comunicación: el caso de la fraseología en los monólogos'. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 85: 1-7. <http://dx.doi.org/10.5209/clac.73535>
- \_\_\_, 2022. 'La conversación. Reacciones y efectos en el humor conversacional'. *ELUA* 26, 7-28.
- BALLESTEROS DONCEL, Esmeralda & Carla M. LORDEN ÁLVAREZ, 2021. 'Difusos límites en el significado del piropo: explorando la experiencia y la agencia activista de las mujeres'. *Cuestiones de Género: de la igualdad y la diferencia* 16: 751-774. <https://doi.org/10.18002/cg.voi16.6950> .
- BASANTA LLANES, Noemi, 2019. *As formas cambiaron porque o mundo cambiou: construción discursiva e interseccional de identidades de xénero e sexualidade en conversas sobre ligar* (Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela).
- BEINHAUER, Werner, 1973. 'El piropo'. *El humorismo en el español hablado* (Madrid: Gredos).
- BELL, Nancy, 2015. *We Are Not Amused. Failed Humor in Interaction* (Berlin: Mouton de Gruyter).
- BLUM KULKA, Shoshana, Juliane HOUSE & Gabriele KASPER, 1989. *Cross cultural pragmatics: Requests and apologies* (Norwood, NJ: Ablex).
- BRAVO, Diana, 2002. 'Actos asertivos y cortesía: Imagen del rol en el discurso de académicos argentinos', en Placencia e Bravo: 141-174.
- \_\_\_, ed. 2005. *Estudios de la (des)cortesía en español. Categorías conceptuales y aplicaciones a corpora orales y escritos* (Buenos Aires: EDICE-Dunken).

\_\_\_ & Antonio BRIZ GÓMEZ, 2004. *Pragmática sociocultural: Estudios sobre el discurso de cortesía en español* (Barcelona: Ariel).

BRIZ GÓMEZ, Antonio, 2004. 'Cortesía verbal codificada y cortesía verbal interpretada en la conversación', en Bravo e Briz Gómez: 67-93.

\_\_\_ et al., eds. 2008. *Cortesía y conversación: de lo escrito a lo oral. Tercer Coloquio Internacional del Programa EDICE* (Valencia: Universitat de València).

BROWN, Penelope & Stephen LEVINSON, 1987. *Politeness: some Universals in Language Usage* (Cambridge: Cambridge University Press).

CALVO CARILLA, José Luis, 2000. *La palabra inflamada. Historia y metafísica del piropo literario en el siglo XX* (Barcelona: Ediciones Península).

CESTERO MANCERA, Ana M. & Nicolás MORENO MARTÍN DE NICOLÁS, 2024. 'Humor en interacción: Apuntes para su estudio sociopragmático y geolectal', *Literatura y Lingüística* 49: 323-370.

CID FERNÁNDEZ, Xosé Manuel et al., coords., 2018. *Educación social e escola: análise da última década (2006-2016)* (Ourense: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia - CEESG).

COLE, Peter & Jerry L. MORGAN, eds. 1975. *Syntax and Semantics, Vol. 3: Speech Acts* (New York: Academic Press).

COULMAS, Florian, ed. 1997. *The Handbook of Sociolinguistics* (Oxford/ Cambridge: Blackwell).

CULPEPER, Jonathan, 2005. 'Impoliteness and Entertainment in the Television Quiz Show: The Weakest Link', *Journal of Politeness Research* 1(1): 35-72.

\_\_\_, 2010. 'Conventionalised Impoliteness Formulae', *Journal of Pragmatics* 42: 3232-3245.

CYLUK, Agnieszka, 2013. 'Discourse Completion Task: Its Validity and Reliability in Research Projects on Speech Acts', *Anglica: An International Journal of English Studies* 22(2): 101-112.

DE SALVADOR AGRA, Saleta, 2023. "'Mujer, era una broma": deshacer cosas con palabras', *Revista Ártemis* 35 (1): 10-25.

ECKERT, Penelope, 1997. 'Age as a Sociolinguistic Variable', en Coulmas: 151-167.

ESCANDELL VIDAL, M. Victoria, 1996. *Introducción a la pragmática* (Barcelona: Ariel Letras).

FÉLIX-BRASDEFER, J. César. 2006. 'Linguistic Politeness in Mexico: Refusal Strategies among Male Speakers of Mexican Spanish', *Journal of Pragmatics* 38: 2158-2187.

\_\_\_, 2010. 'Data Collection Methods in Speech Act Performance: DCTs, Role Plays, and Verbal Reports', en Martínez-Flor e Usó-Juan: 41-56.

FIDALGO GARRA, Estela, en prensa. 'El carácter paradójico de la estrategia pseudoencubierta en la producción del piropo', *Ramas. Revista de Lengua Española de la Universidad de Córdoba*.

\_\_\_ & Elisa FERNÁNDEZ REI, 2024. "'Estás de bo ano": una aproximación al piropo en gallego desde la (des)cortesía', *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 99: 109-124.

GOFFMAN, Erving, 1967. *Interaction Ritual: Essays on Face-to-face Behavior*. (New York: Doubleday)

GRICE, H. Paul, 1975. 'Logic and Conversation', en Cole e Morgan: 41-58.

GUMPERZ, John J., 1982. *Discourse Strategies* (Cambridge: Cambridge University Press).

HAUGH, Michael & MÁRQUEZ REITER, Rosina, en prensa. '(Un) intended Offence: Speaker Meaning and Discursive Scales in the Negotiation of Offensive Humour', *Pragmatics & Cognition*. Recuperado de <https://oro.open.ac.uk/102573/>

HVERKATE, Henk, 1994. *La cortesía verbal: estudio pragmalingüístico* (Madrid: Gredos).

HERNÁNDEZ FLORES, Nieves, 2004. 'La cortesía como la búsqueda del equilibrio de la imagen social', en Bravo e Briz Gómez: 95-108.

HIDALGO DOWNING, Raquel & Silvia IGLESIAS RECUERO, 2009. 'Humor e ironía: una relación compleja', en Ruiz Gurillo e Padilla García: 423-455.

HORISK, Claire, 2024. *Dangerous Jokes: How Racism and Sexism Weaponize Humor* (New York: Oxford University Press).

HUXLEY, Renira & Elisabeth INGRAM, eds. 1971. *Language Acquisition: Models and Methods* (New York: Academic Press).

HYMES, Dell H., 1971. 'Competence and Performance in Linguistic Theory', en Huxley e Ingram: 3-23.

\_\_\_, 1972. 'On Communicative Competence', en Pride e Holmes: 269-293.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE), s.d. *Edad media al matrimonio por comunidad autónoma, según sexo y nacionalidad (española/ extranjera)*. Recuperado de <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=1426>

KAUL DE MARLANGEON, Silvia, 2005. 'Descortesía de fustigación por afiliación exacerbada o refractariedad', en Bravo: 299-318.

\_\_\_, 2008. 'Tipología del comportamiento verbal descortés en español', en Briz Gómez et al.: 254-266.

KERBRAT-ORECCHIONI, Catherine, 1992. *Les interactions verbales II* (París: Armand Colin).

\_\_\_, 1996. *La conversation* (París: Seuil).

\_\_\_, 2004. '¿Es universal la cortesía?', en Bravo e Briz Gómez: 39-53.

KIENTPOINTNER, Manfred, 1997. 'Varieties of Rudeness: Types and Functions of Impolite Utterances', *Functions of Language* 4 (2): 251-287.

\_\_\_, 2008. 'Impoliteness and Emotional Arguments', *Journal of Politeness Research* 4 (2): 243-265.

LEECH, Geoffrey N., 1983. *Principles of Pragmatics* (London: Longman).

LINO MALDONADO, Paula, 2017. 'El piropo: artefacto de reproducción sociocultural de modos de ser en Santa Cruz de la Sierra', *Barataria* 22: 119-129.

LOIS GÓMEZ, Raquel & María LAMEIRAS FERNÁNDEZ, 2018. 'Piropos: afagadores ou práctica que mantén os estereotipos de xénero?', en Cid Fernández et al.: 739-752.

MARTÍNEZ-FLOR & Esther USÓ-JUAN, eds. 2010. *Speech Act Performance: Theoretical, Empirical and Methodological Issues* (Amsterdam: John Benjamins).

MCTERNAN, Emily, 2021. 'Taking Offense: an Emotion Reconsidered', *Philosophy & Public Affairs* 49(2): 179-208.

MILLS, Sara, 2003. *Gender and Politeness* (Cambridge: Cambridge University Press).

MOYA-GARÓFANO, Alba, 2016a. *Cosificación de las mujeres: Análisis de las consecuencias psicosociales de los piropos*. Tese de doutoramento (Granada: Universidad de Granada).

\_\_\_, 2016b. 'Piropos hacia las mujeres y auto-cosificación: Las consecuencias perversas de conductas aparentemente halagadoras', *Ciencia Cognitiva* 10(2): 30-32.

PLACENCIA, María Elena & Diana BRAVO, eds. 2002. *Actos de habla y cortesía en español* (München: Lincom Europa).

PREISIG, Gabriela, 1998. *Una investigación sobre el piropo español*. Tese de doutoramento (Vancouver: University of British Columbia).

PRIDE, J. B. & Janet HOLMES, eds. 1972. *Sociolinguistics: Selected Readings* (Harmondsworth: Penguin).

RUIZ GURILLO, Leonor, 2012. *La lingüística del humor en español* (Madrid: Arco Libros).

—, 2014, 'Infiriendo el humor. Modelo de análisis para el español', *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 59: 148-162.

—, 2019. 'El humor como hecho pragmático en español', *Revista de Investigación Lingüística* 22: 183-198.

—, 2022. 'La conversación, la interacción coloquial y la negociación humorística', en Ruiz Gurillo, ed.: 85-112.

—, 2023. 'La pragmática de un etiquetaje pragmático para la plataforma observahumor.com', *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 96: 1-17.

—, ed. 2022. *Interactividad en modo humorístico: géneros orales, escritos y tecnológicos* (Madrid/Frankfurt: Iberoamericana/Vervuert).

— & Xose A. PADILLA GARCÍA, 2009. *Dime cómo ironizas y te diré quién eres: Una aproximación pragmática a la ironía* (Frankfurt am Main: Peter Lang).

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, s.d. *Diccionario de la lengua española*, 23.<sup>a</sup> ed., s.v. 'piropo', <https://dle.rae.es>

SAMPEDRO MELLA, María C., 2021. 'DCT vs. corpus orales: reflexiones metodológicas sobre el estudio de los actos de habla', *Pragmalingüística* 29: 377-395.

WATTS, Richard J., 2003. *Politeness* (Cambridge: Cambridge University Press).

—, 2005. 'Linguistic Politeness and Politic Verbal Behaviour: Reconsidering Claims for Universality', en Watts, Ide e Ehlich: 43-70.

—, Sachiko IDE & Konrad EHLICH, eds. 2005. *Politeness in Language: Studies in its History, Theory and Practice* (Berlin: Mouton de Gruyter).